

## PEZA DO MES

maio

2011



**AGUIA DE RUBIÁS**



AGUIA PROCEDENTE DO ACAMPAMENTO LEXIONARIO DE VINDONISSA/WINDISCH (VINDONISSA MUSEUM, BRUGG. SUÍZA)

## AGUIA DE RUBIÁS

Habitualmente, publicouse que esta peza procedía do castro de Rubiás (parroquia de Cadós, concello de Bande). A atribución a este xacemento débese a unha breve nova publicada tras unha visita dos membros da *Comisión Provincial de Monumentos de Ourense* que tivo lugar o 24 de outubro de 1935 nesta comarca. De todos os xeitos, dita nota non dá información do lugar e das circunstancias do achado da aguiña obxecto do noso estudo. Os membros da devandita comisión limitáronse a recoller o material recuperado na comarca polos veciños de Rubiás. Non dubidamos de que algún procedese do mesmo castro, outra parte do material viría doutros lugares e, por este motivo, pensamos que con maiores probabilidades a súa orixe debemos buscarla no campamento auxiliar de Portoquintela/*Aquae Querquennae* (concello de Bande, Ourense) que, segundo as últimas investigacións, estivo ocupado por unha *cohors III*, dependente da *legio VII Gemina* acantonada en León/*Legio*. Este recinto militar foi establecido para a construción e vixilancia da vía XVIII do Itinerario de Antonino que unía Braga/*Bracara Augusta* e Astorga/*Asturica Augusta* e, nas súas inmediacións, construíuse unha *mansio* viaria o mesmo tempo desenvolvíase a característica aglomeración civil (*vicus*). Debemos ter en conta que o forte de *Aquae*

*Querquennae* se encontra anegado parte do ano polo encoro das Conchas e, que cando a súa cota baixa, a auga vai realizando un labor de zapa no xacemento deixando ao descuberto numerosos obxectos que en moitas ocasións, son recollidos polos habitantes dos pobos veciños. Un claro exemplo constitúeo a recente publicación dun Eros ou cupido de bronce. Ademais, no caso de que realmente aparecese no castro, non podemos obviar que, en determinados momentos, este enclave sería unha magnífica atalaia onde podería establecerse un pequeno grupo de soldados procedentes do campamento próximo.

A peza representa unha aguiña coas ás estendidas e a cabeza, xirada cara a súa esquerda, posúe un pico longo e curvo. Na parte inferior as patas encóntranse unidas de maneira que deixan un orificio circular. O tratamento da plumaxe no corpo da ave executouse de modo naturalista e cunha exquisita precisión, representándose a xeito de escamas. Para diferenciar a cabeza do resto do corpo, efectuouse por medio dun buril unha incisión á altura do pescozo. A parte posterior deste exemplar é na súa maioría lisa, agás no seu eixe central onde sobresaen dúas protuberancias que servirían para fixala á hasta. Por outro lado, queremos sinalar que os dous pequenos buratos observados no dorso da peza realizáronse co motivo de proceder a unha análise metalográfica. Esta aguiña fabricouse en bronce mediante o proceso da fundición á cera perdida, empregando unha aliaxe ternaria a base de chumbo (6,3 %), cobre (78%) e cinc (8,8%). Dende o punto de vista da súa composición, este obxecto encóntrase máis vinculado aos latóns que aos bronzes propiamente ditos. A porcentaxe de chumbo permitiría unha boa laminación do metal e, ao mesmo tempo, a cantidade de cinc proporcionaríalle un característico aspecto dourado como oricalco. Ten unha altura de 6,5 cm e a súa anchura alcanza os 6 cm. A peza encóntrase en perfecto estado de conservación e presenta a característica pátina verde.

Respecto á súa funcionalidade, nun principio catalogouse cun termo tan ambiguo como aplique e, mesmo, como unha peza de época visigoda. Aguiñas de tamaño e características similares descubríronse noutros xacementos europeos con presenza militar e, na nosa opinión, formarían parte dun estandarte (*signum*) do exército romano.

O material recuperado do forte auxiliar de Portoquintela dátase nun lapso temporal bastante reducido que abrangue dende comezos da época flavia (69-79 d.C.) ata a conclusión do reinado de Adriano (138 d.C.).

Unha peza practicamente idéntica estilisticamente e coa mesma altura recuperouse no campamento lexionario de Windisch/*Vindonissa* e outra de similares



ESTELA DE PINTAVS, SIGNIFER DA COHORS V ASTURUM (RHEINISCHES LANDESMUSEUM BONN, ALEMAÑA)

características en Augst/*Augusta Raurica*, ambas as dúas localidades situadas en territorios da provincia romana de *Germania Superior*, na actualidade pertencentes a Suíza. Cremos que a colocación dunha aguia como a nosa nun estandarte sería similar a aquela que se observa na estela funeraria de Pintavius, portaestandarte (*signifer*) da *cohors V Asturum*. Este monumento funerario exhibese no Rheinisches Landesmuseum (Bonn, Alemaña) e poden verse boas reproducións deste nos seguintes museos: Römisch-Germanisches Zentralmuseum (Mainz, Alemaña), Museo Arqueolóxico de Oviedo e Museo da Colexiata de San Isidoro (León). Na devandita lápida sepulcral vemos unha aguia cravada a media altura no hastil da insignia suxeitada polo soldado coa súa man dereita.

A súa presenza indica que, ademais das aguias máis grandes portadas polo aquilíferos (*aquiliferi*), diferentes unidades contaban con representacións de menor tamaño de tales aves rapaces.

No caso da aguia de bronce obxecto da nosa análise, ante o sorprendente paralelismo coa súa homóloga do campamento lexionario de *Vindonissa*, atrevémonos a propoñer a existencia dun taller común para ambos os dous exemplares, concretamente nalgún lugar da *Gallia*, como Besançon ou Alesia, onde xa foron identificados varios centros encargados da fabricación de material militar (*militaria*) que se encontra disperso por puntos tan distantes como o *limes* renano-danubiano ou as provincias de *Britannia* e de *Hispania*.

Os diversos portadores (*signiferi*, *imaginiferi*, *vexilliferi*, *aquiliferi*) de estandartes debían ser soldados cualificados, especialmente escollidos e adestrados. Deles confiábase en que farían todo o posible para evitar a súa captura polos pobos inimigos de Roma. A perda dos *signa* –en episodios como a emboscada de Teotuburgo (*clades Variana*) do ano 9 d.C.– supoñía unha ignominia para as tropas. Cando sucedía isto, o oficial ao mando da correspondente unidade poñía seu máximo esforzo en recuperalas o antes posible. Cando o lograban, o exército volvía facer gala de novo da honra (*honos*) perdida e, en ocasións, se acuñaban moedas en cuxo reverso podían lerse lendas aludindo aos devanditos logros, como por exemplo *signis receptis*. Os militares encargados de portar os *signa* pertencían á categoría de soldados exentos de traballos pesados (*immunes*) e, con frecuencia, desempeñaban tamén funcións vinculadas coa burocracia administrativa castrense.

Os *signa* custodiábanse no cuartel xeral (*principia*) dos campamentos, situado no centro do recinto militar. No seu interior, destinábase un cuarto específico para iso: a capela (*aedes*). Aí, tamén se gardaba o diñeiro deducido da paga dos soldados (*aerarium*) que se lles devolvía no momento do seu licenciamento (*honesta missio*).

A preferencia pola utilización da aguia (*aquila*) como emblema nos estandartes encóntrase na vinculación co deus Xúpiter. De feito, cando se producía o aniversario da fundación dunha lexión celebrábase unha relevante festividade relixiosa: o natalicio da aguia (*dies natalis aquilae*).

Os estandartes cumprían diversas funcións: tácticas, relixiosas e propagandísticas.

A peza analizada pertence aos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, onde figura rexistrada co número de inventario 362. Na actualidade, debido ao peche temporal do devandito museo, pode ser vista na sala de exposicións de San Francisco (Ourense).



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono**: 988 223 884

**Horario de atención ao público**: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Tomás Vega Avelaira.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico

XUNTA  
DE GALICIA